



CONCELLO DE PORTAS

ANUNCIO DO EXTRACTO DA CONVOCATORIA EN O BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA

SUMARIO

Resolución de Alcaldía de data 01/09/2020 pola que se convocan subvencións en materia de Axudas Municipais o apoio ao estudo para curso 2020-2021 polo procedemento de concorrência competitiva.

TEXTO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a de a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (www.infosubvenciones.es) e publicación nos medios informáticos do Concello de Portas habilitados para tal fin (<https://www.facebook.com/ConcellodePortas/?fref=ts>) así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Portas <http://portas.sedelectronica.gal>

Primeiro. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as unidades familiares empadroadas no Concello de Portas que teñan menores a seu cargo, matriculados no curso escolar 2020-2021 en centros públicos do Concello de Portas: Escolas Unitarias de Lantaño, Romai e CPI Domingo Fontán.

Segundo. Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é regular o procedemento para a concesión de subvencións a familias con menores a cargo que cursen estudos en colexios públicos do Concello de Portas, para a adquisición de material escolar e informático, libros e/ou vestiario básico na segunda etapa de educación infantil (3-5 anos), educación primaria e educación secundaria obrigatoria (6-16 anos).

Poderán ser obxecto de subvención as seguintes actividades:
Subvencionaranse os gastos derivados de:

1. Material escolar/libros para o alumnado de educación infantil, educación primaria e secundaria obrigatoria.
2. Vestiario básico para alumnado de educación infantil, educación primaria e secundaria obrigatoria (mandilón, chándal, zapatillas de deporte e camisetas básicas)

CONCELLO DE PORTAS

Rúa Rapeira s/n, Lugar. 36658 (Pontevedra). Tfno. 986536161. Fax: 986536348



Cod. Validación: AT2GTPDGH7PFYSDGELD45RAW | Corrección: <https://portas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



CONCELLO DE PORTAS

3. Material informático para alumnado de primaria e secundaria (pincho usb, tablet, ordenadores portátiles, ratos, teclados e/ou impresoras)

Non serán obxecto de subvención:

—O equipamento deportivo (botas de fútbol, equipamento de fútbol...) e aquel destinado para actividades extraescolares non é obxecto de esta convocatoria.

Terceiro. Bases reguladoras

Aprobadas por resolución de Alcaldía.

Cuarto. Contía da axuda.

O orzamento destinado a estas axudas ascende á cantidade de 5.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 231.480 do orzamento de gastos de 2020.

Establécense os seguintes importes:

Educación Infantil.....máximo 100€

Educación Primaria y Secundariamáximo 90€

O importe abonarase na conta bancaria facilitada pola persoa solicitante, previa presentación do orixinal da factura detallada que corresponda ao vestiario e/ou material comprado a nome do solicitante.

Os pagos levaranse a cabo unha vez remato o prazo de xustificación.

En todo caso a contía da axuda nunca poderá ser superior ao importe da factura presentada.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes formularanse no modelo que figura como Anexo da convocatoria.

As solicitudes e documentación pertinentes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, dentro do prazo establecido, ou a través da sede electrónica do concello <http://portas.sedelectronica.gal>.

Non se admitirán solicitudes fóra de prazo, nin aquelas que non conteñan rexistro de entrada nas oficinas do Concello.

O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días naturais a contar dende o día seguinte á publicación de estas bases no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra. O prazo terá carácter improrrogable.





CONCELLO DE PORTAS

Sexto. Outros datos.

As solicitudes presentaranse ,mediante impreso formalizado que incluíra autorización expresa para que o Departamento de Servizos Sociais poida realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade de datos, no Rexistro Xeral, xunto coa seguinte documentación:

- 1.- DNI do solicitante, pasaporte ou NIE en vigor.
- 2.-Libro de familia completo.
- 3.-Certificado de discapacidade (ou tarxeta acreditativa de grao de minusvalía) ou dependencia dos membros da unidade familiar recoñecidos, no seu caso.
- 4.-Xustificantes de ingresos dos seis primeiros meses do ano 2020 (xaneiro-xuño) de todos aqueles membros da unidade familiar que perciban rendas de traballo, en caso de ser pensionista ou desempregado achegarase certificado do organismo correspondente do período computable.
- 5.-Xustificantes de aluguer ou crédito hipotecario, se é o caso.
- 6.-Sentencia de divorcio e convenio regulador de achegas económicas nos casos de separación e divorcio.
- 7.-Certificación da conta bancaria da persoa solicitante.

Documentación a presentar pola Administración:

1. Certificado de empadramento e convivencia.

De presentar fotocopias estas deberán ir acompañadas polos orixinais para o seu cotexo.

REQUISITOS:

1. A unidade familiar deberá estar empadroadada e ter residencia efectiva no Concello de Portas.
2. Convivir na unidade familiar os alumnos/as para quen se solicita a axuda.
3. As persoas estranxeiras residentes no Concello de Portas poderán beneficiarse de estas axudas sempre e cando se atopen nunha situación administrativa regular e cumpran as condicións establecidas na Lei Orgánica 4/2000 sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, así como o contemplado no Real Decreto 557/2011 que a desenvolve, ademais de reunir os requisitos contemplados nas presentes bases.
4. Estar matriculado ou ter reserva de matrícula para o curso 2020-2021 nos centros públicos do Concello.
5. Ter presentado a solicitude e documentación no prazo e forma legal establecido.





CONCELLO DE PORTAS

6. Que a unidade familiar non supere os límites económicos establecidos, en referencia aos ingresos dos seis primeiros meses:

Nº membros UF	Máximo mensual	Máximo semestral	Máximo anual
2	1.260	7.560	15.120
3	1.485	8.910	17.820
4	1.710	10.260	20.520
5	1.935	11.610	23.220
6	2.160	12.960	25.920
7	2.385	14.310	28.620

7. Non estar incluso en ningunha das circunstancias sinaladas no artigo 10 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que impide obter a condición de beneficiario

Computarán os ingresos NETOS dos seis primeiros meses do ano 2020 (xaneiro-xuño), descontando o alugamento da vivenda ou cotas dos gastos da hipoteca da mesma ata un máximo de 150,00 €/mes.

A efectos de valoración dos ingresos terase en conta todos os obtidos de calquera procedencia: salario, pensións, prestacións, renda de carácter fixo e eventual.

A unidade familiar non poderá superar os límites económicos establecidos, partindo do 140% de SMI e incrementándose nun 25% do SMI para cada membro adicional.

Considerase **Unidade familiar** a formada polo pai, nai ou titor ou persoa encargada da garda e protección do menor, e os fillos solteiros do solicitante, menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar ata a data da presente convocatoria. A separación transitoria por motivos de estudo, traballo, tratamento médico non rompe a convivencia a estes efectos. No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará como membro computable aquel que non conviva no domicilio, agás nos casos de custodia compartida.

En caso de acollemento familiar, será aplicable a familia de acollida os mesmos criterios.

